

Manolo Pipas

Poeta galego.

Como é que definirías o teu traballo artístico?

compas de Elyra
escribo poemas crónikas poéticas
e posibles letras de cancións que algúns
solistas e grupos ás veces musican e cantan
e fago recitais persoais e con músicos
participo en recitais colectivos
e fago outras variadas intervencións poéticas
fixen radio autoeditei libros e cadernos ...
e publico a diario no blogue envolventesaspalabras.info
e a chamada escrita social e mesmo política
e a poesía de intervención
é unha parte importante da miña obra

Como se establece a relación entre o poético e o político no teu traballo?

pasei de dar palestras sobre
algúns movementos ou procesos sociais
a dar recitais sui generis sobre os mesmos
formo parte da sociedade e desde abaixo conto dela
considérome un animal político pero me movo nas marxes
porque é o meu medio natural e porque me excluen

doutros espacios por descoñecemento ou porque molesto
e non teño contas nas mal chamadas redes-sociais
virtuais do noxento capital

Como valorizas o impacto real e a influencia política da tua obra na sociedade?

o meu impacto na sociedade é moi pequeno
acompañar aos colectivos e os procesos
divulgar un pouco os seus eventos
contar de propostas loitas resistencias...

Em termos de intervenção política no espaço público, existem numerosos casos de criação artística de elevada ressonância. Há algum exemplo que consideres especialmente significativo na actualidade?

a poesía cantada ten un impacto maior que a escrita
pero no meu caso pouca máis repercusión ten
e destaco a resonancia dos rapeiros
especialmente as voces represaliadas
no antidemocrático estado espanyol

Manolo Pipas é um poeta galego que se mantém intencionalmente nas margens do sistema e que se define como “comunicador da palabra escrita e oral”. O seu estilo podería ser descrito como crónica poética, sempre com um claro contéudo político. Viaja continuamente e partilha a sua vida com povos esquecidos e oprimidos. Publicou os seguintes libros como edicións de autor: *marzo abril e outros naufraxios* (1999), *viaxe ao pais das nubes as comunidades o consello indixena e a outra campaña* (2006), *a milpa e o paliacate nos camiños do outro mexico. Poemas e crónicas* (2009), *historias das travesas e do bar hipólito* (2014), *o barco a rotonda e nós* (2015). Também publica regularmente poemas no seu blogue [envolventesaspalabras](http://envolventesaspalabras.com).